

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 12 de abril de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“6.- Convenios.

6.1.- Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a FEGAMP, para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19. Baixa da adhesión á dito convenio.

O día 27 de novembro de 2020 asinouse un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a colaboración cos concellos galegos na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de prevención contra a COVID-19.

O informe do Consello Consultivo de Galicia 263/2020, do 14 de outubro, fixou nos concellos a responsabilidade na tramitación dos incumprimentos das medidas en materia de saúde pública no marco desta crise sanitaria. A duración da pandemia e as medidas de prevención ditadas polas distintas administracións públicas derivaron nun elevado número de expedientes que recaen, en consecuencia, sobre as administracións locais.

A Xunta de Galicia, de acordo coa Lei 5/1997, de administración local de Galicia, ten como competencia propia a colaboración e cooperación técnica e administrativa, podéndose levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

O convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP posibilita e deseña esta colaboración entre a administración galega e os concellos, e require como primeiro paso para a súa posta en marcha a solicitude de adhesión ao convenio por parte das entidades locais.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo de data 07/12/2020 acordou solicitar a adhesión ao convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

O desenvolvemento da posterior tramitación dos expedientes administrativos e a paulatina diminución do número de expedientes desaconsellan, na actualidade, a continuidade do Concello de Carballo no seo deste convenio de colaboración. A cláusula sexta do referido convenio recolle a posibilidade de extinción deste “polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, por desaparecer a necesidade da encomenda de xestión...”.

Á vista de todo o anterior, e con base no informe da técnica de Administración Xeral, de data 22/03/2021, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados de 23/03/2021, no expte. 2020/A006/000012, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

Primeiro.- Solicitar a baixa na adhesión ao convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2021/G007/000009

de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

Segundo.- *Notificar este acordo á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde